



CERTIFICACIÓN

D. FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria realizada o día 04-12-2020, adoptou o seguinte acordo:

<<8. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA”. AGADER 2020>>

Vista a proposta de Alcaldía asinada dixitalmente con data 26.11.2020, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA -AGADER 2020"

Procedemento: Contratación de Obras

Nº Expediente: 2020/C003/000001

O territorio do Concello de Cedeira acada os 84 km², ocupando máis do 80% del as zonas rurais das 7 parroquias nas que se divide. Accédese a cada núcleo de poboación mediante vías públicas de titularidade municipal, e co continuo tránsito de vehículos lixeiros e pesados, ademais do paso do tempo, estes camiños sofren deterioro. Por este motivo necesítase proceder á súa conservación.

No presente ano 2020, as vías públicas rurais máis necesitadas dunha actuación de mellora están situadas nas parroquias de Esteiro (camiño de Cordobelas), Régoa (camiño de Bouza) e o camiño Fernando Lago, pertencente á parroquia de Cedeira. Por este motivo foi redactado o proxecto técnico obxecto da solicitude de participación no Plan de mellora de camiños municipais 2020-2021 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Na Resolución de Alcaldía núm. 135/2020 de 9 de marzo foi aprobada a solicitude de participación no Plan de mellora de camiños municipais 2020-2021 ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a realización do proxecto “Mellora de camiños no Concello de Cedeira 2020” cun orzamento sen IVE de 39.277,89 euros e un custo de control de calidade sen IVE de 623,62 euros.

Consta no expediente de contratación iniciado para o efecto as seguintes autorizacións sectoriais:

- Axencia Galega de Infraestruturas
- Augas de Galicia
- Deputación Provincial
- Informe da Consellería de Medio Rural

Con data 17.11.2020 iniciouse polo Alcalde o procedemento de contratación. Consta no expediente a acta de replanteo previo de data 23.11.2020.



Consta así mesmo no expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato, proposto pola Alcaldía con data 20.11.2020.

Con data 25.11.2020 emitíuse un informe xurídico favorable sobre a Lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Con data 26.11.2020 emitíuse pola Intervención municipal un informe de fiscalización favorable.

O presuposto de financiamento é o seguinte:

	Orzamento presentado (s/IVE)	Orzamento aceptado
Obra civil	39277,89	39277,89
Control de Calidade das Obras	623,62	623,62
TOTAL	39901,51	39901,51

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora de camiños no Concello de Cedeira-2020”, redactado polo enxeñeiro D. José Juan Tarrío González en marzo de 2020, polo importe de 39.277,89 € sen IVE.
- 2.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas proposto pola Alcaldía con data 20.11.2020.
- 3.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para a obra denominada "Mellora de camiños no Concello de Cedeira-2020", polo importe de 39.277,89 € (47.526,25 € IVE incluído).
- 4.- Publicar un anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Estado.

En Cedeira, asinado na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil.”

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e praxe
O ALCALDE